

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia, en colaboración coa Dirección Xeral de Traballo e Economía Social e o Consello Galego de Cooperativas, organiza un **encontro** para dar a coñecer as **potencialidades do cooperativismo como ferramenta para a creación de emprego** na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

No encontro presentaranse os recursos dispoñibles no marco da **Rede Eusumo** para o fomento do cooperativismo e a Economía Social, así como os programas de apoio ao emprendemento cooperativo promovidos pola administración pública e as asociacións de cooperativas a ambos lados da fronteira. Ademais, contarase cun espazo de **mostra de produtos e servizos cooperativos da eurorrexión**.


O encontro está dirixido fundamentalmente aos diferentes axentes públicos e asociativos que están a xogar un papel activo na promoción do cooperativismo e a economía social en Galicia e no Norte de Portugal, incluíndo tamén ás propias entidades cooperativas de ambos lados da fronteira.

Prazo de inscrición: ata o 23 de maio de 2014.

Pódese inscribir cubrindo o seguinte formulario electrónico **aquí**, ou a través do teléfono + 34 678 759 079 e do enderezo electrónico: **reddeusumo.divulgacion.ctb@xunta.es**
Máis información en:

<http://www.cooperativasdegalicia.com>
<http://www.eusumo.coop>

Entrada libre



FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL
REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS

A colaboración en rede na promoción do cooperativismo e a economía social:
a Rede Eusumo

¿Coñeces os recursos que ofrece a Rede Eusumo ao emprendemento cooperativo?



¿E as liñas de apoio institucionais para a creación ou incorporación da xuventude ás cooperativas?

¿Que servizos ofrecen as asociacións de cooperativas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal?

ENTRADA LIBRE. ¡¡INSCRÍBETE!!

27 de maio de 2014

Aula UNED de Tui
Rúa Antero Rubín s/n.
Antigo convento de Santo Domingo

REDE
eusumo

A cooperativa



Unha cooperativa de traballo asociado é unha agrupación de persoas que desexan desenvolver de xeito conxunto, unha actividade empresarial que lles garanta un posto de traballo estable. As cooperativas son as únicas fórmulas empresariais que están a crear emprego neste contexto de crise.

A empresa das persoas

Trátase dunha empresa onde as persoas asumen de xeito conxunto e coparticipado a posta en marcha dun proxecto empresarial. Nas cooperativas cada persoa ten un voto, con independencia do capital aportado. Son, polo tanto, as persoas as que se autoxestionan para acadar os seus obxectivos económicos e laborais.



Programa

9:30 h (8:30 h PT). Recepción de participantes e entrega de documentación.

10:00 h (9:00 h PT). Inauguración do Encontro.

D. Jesús Gamallo Aller, Director Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europeada Xunta de Galicia.

D. Odiño Martiñá Rodríguez, Director Xeral de Traballo e Economía Social da Xunta de Galicia. Representante de la CCDRN- Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte de Portugal.

Moisés Rodríguez Pérez, alcalde de Tui.

D. Jorge Méndez, alcalde de Valença.

10:15 h (9:15 h PT).

Cooperativismo en Galicia. Importancia da colaboración en Rede.

A Rede Eusumo.

D. Xoán Miguel Concheiro Abal, Subdirector de Cooperativas e Economía Social da Xunta de Galicia.

Políticas de promoción da economía social no Norte de Portugal. A promoción do emprendemento xuvenil.

Dona Carla Pinto, vicepresidenta da Cooperativa António Sérgio para a Economía Social.

11:15 h (10:15 h PT) Políticas de promoción da economía social en Galicia e no Norte de Portugal. A promoción do emprendemento xuvenil.

D. Manuel Pérez Losada, Xefe do Servizo de Cooperativas e Economía Social da Xunta de Galicia.

11:45 h (10:45 h PT) Descanso/café.

12:15 h (11:15 h PT) Promoción do emprendemento cooperativo desde as asociacións de cooperativas.

O cooperativismo agrario como motor de emprego en Galicia.

D. Hixinio Mougán Bouzón, Asociación galega de cooperativas agroalimentarias-AGACA.

O traballo asociado, unha vía colectiva de autoemprego.

Dona Mar Pernas Márquez, Unión de cooperativas de traballo asociado-UGACOTA.

Cooperativismo e emprego no norte de Portugal.

D. Fernando Martinho. União cooperativa polivalente da região norte CrI-UNINORTE.

13:15 h (12:15 h PT) Mesa de experiencias cooperativas no ámbito cultural e no ámbito agroalimentario.

Cume do Avia e Eira de Mouros, Diego Diéguez Collarte, xerente.

Culture Print Eventos e comunicación en Porto, Catarina Rocha, Isabel Rocha e Inês Castanheira Urdime, propostas culturais en A Coruña.

14:30 h (13:30 h PT) Peche da xornada/Degustación de produtos cooperativo e Actuación "O Folión do Zampón".